

**PLAN ESTRUCTURANTE DE ORDENACIÓN
DEL SUELO EMPRESARIAL DEL ÁREA INDUSTRIAL
DE PADERNE DE ALLARIZ**

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

**07. DOCUMENTACIÓN DEL PROCEDIMIENTO DE
EVALUACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA**

Informe Ambiental Estratégico





RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESTRUTURANTE DE ORDENACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL DA ÁREA INDUSTRIAL DE PADERNE DE ALLARIZ

Promotor: Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

Órgano substantivo: Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Expediente: 2023AAE2778

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (en diante PSOAEG) foi aprobado polo Consello da Xunta o 30.04.2014, tras ser sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica. O PSOAEG¹ inclúe como actuación en tramitación con programación diferida unha área empresarial no concello de Paderne de Allariz denominada "Campus industrial de Paderne de Allariz" (código 32055011).
- 2 O concello de Paderne de Allariz dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente, con carácter parcial, o 15.09.2008.
- 3 En maio do 2021 o Instituto Galego de Vivenda e Solo iniciou a tramitación dun proxecto de interese autonómico para o desenvolvemento da citada área empresarial. O 30.7.2021 este órgano ambiental emitiu o informe ambiental estratéxico no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.
- 4 O 7.3.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada do "Plan estruturante de ordenación do solo empresarial da área industrial de Paderne de Allariz" (en diante PEOSE). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do plan.
- 5 O 20.3.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

¹ Documento VI. *Proposta de estratexia de desenvolvemento do PSOAEG*; cadro nº 6 *Programación das actuacións recollidas no PSOAEG*.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, establece que os plans estruturantes de ordenación de solo empresarial son instrumentos de ordenación do territorio que teñen por obxecto o desenvolvemento de actuacións de creación de solo empresarial de promoción pública. Esta lei integra no procedemento de aprobación dos ditos plans estruturantes de ordenación do solo empresarial o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Os plans estruturantes de ordenación do solo empresarial que non se atopen dentro dos supostos recollidos no artigo 6.1 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental deberán someterse a unha avaliación ambiental estratéxica simplificada (artigo 37.2 da Lei 3/2022).
- 2 Conforme o disposto no artigo 38 da Lei 3/2022, o órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico, tras consultar ao órgano competente en materia de ordenación do territorio, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de trinta días hábiles. No informe ambiental estratéxico o órgano ambiental determinará se o plan ten ou non efectos significativos no medio; no caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza; no caso contrario, someterase a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Obxecto do PEOSE e ámbito de actuación

O PEOSE ten por obxecto planificar e ordenar urbanisticamente as actuacións necesarias para desenvolver o parque empresarial de Paderne de Allariz, actuación de solo empresarial prevista no PSOAEG.

O ámbito de actuación sitúase no extremo occidental do municipio de Paderne de Allariz, no límite cos concellos de San Cibrao das Viñas e Taboadela, preto do polígono industrial de San Cibrao e do Parque Tecnolóxico de Galicia, a carón da estrada OU-101.

No borrador do PEOSE realízase un reaxuste² do ámbito delimitado no PSOAEG (1.129.596 m²) pola necesidade de adaptalo ao parcelario, incluír varias parcelas no extremo suroeste e resolver as conexións viarias exteriores, de xeito que pasa a ter unha superficie de 1.161.674 m².

A maior parte dos terreos ámbito delimitado están clasificados no PXOM como solo urbanizable non delimitado industrial (UNDI), agás dúas pequenas franxas, unha ao oeste e outra ao sur, clasificadas como solo rústico de especial protección agropecuaria.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito emprázase no rebordo oriental da depresión de Ourense, entre as cuncas dos ríos Barbaña e Lonía, nunha zona de topografía suave con lixeira pendente no eixo norte-sur (pendente media do 6,4%).

2 O incremento de superficie é inferior ao 30% que establece o artigo 5 da normativa do PSOAEG (modificado na MP1 do PSOAEG) e ao 20% que establece o artigo 30.3 da Lei 3/2022.





Abrangue terreos rústicos destinados a usos forestais e agrícolas na contorna dos núcleos rurais de Solbeira e Figueiredo -principais núcleos de poboación no concello- e As Campinas. Ao oeste do ámbito tamén se atopa o núcleo rural de Valiñas, do municipio de San Cibrao das Viñas.



- | | | | | | |
|-------|----------------------|-----|-------------------|-----|--|
| | Ámbito do PEOSE | — | Rede hidrográfica | --- | Plan sectorial da rede viaria de Ourense |
| — | Límite municipal | — | Liñas eléctricas | — | Liña de ferrocarril |
| — | Xacemento catalogado | /// | Zonas incendiadas | | |

Na cartografía da documentación achegada³ reflíctese a existencia das nacentes de dous regos estacionais no interior do ámbito do PEOSE, unha no extremo norte e outra no centro-oeste, que coinciden coa cartografía elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio⁴. O rego que nace no bordo oeste do ámbito foi augas abaixo encanado ao seu paso polo polígono industrial de San Cibrao, confluindo a continuación no regato de Pazos. Ao norte do ámbito, separado pola estrada OU-101, discorre o río da Gaiola, tributario do río Lonía.

3 Plano 3 do documento ambiental estratéxico; plano 7.2 do borrador.

4 Rede hidrográfica de detalle (escala 1:5000) calculada a partir de datos LiDAR (anos 2009-2010 e 2015-2016) e con revisión manual mediante fotointerpretación de ortofotos (PNOA) e mapa de sombras do MDT. Ano 2022.





A zona de actuación alberga algunhas masas arboradas de carácter autóctono nas que predomina o cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e en menor medida hai carballos (*Quercus robur*) e piñeiros (*Pinus pinaster*). Tamén hai zonas de matogueira nas áreas de transición coas parcelas agrarias. Detectouse no ámbito a presenza de mimosa (*Acacia dealbata*), especie exótica con carácter invasor.

Ao noroeste do ámbito sitúase o xacemento de Campo Alegre (GA32075001), catalogado no PXOM de San Cibrao das Viñas (ficha YC411). Nos núcleos rurais situados na contorna (Solbeira, As Campinas, Figueiredo e Valiñas) localízanse varios elementos patrimoniais catalogados, se ben seus os contornos de protección subsidiarios⁵ non afectan ao ámbito do PEOSE. Dentro do ámbito observáronse muros de pedra tradicionais nas lindes das parcelas.

No extremo norte o ámbito está atravesado pola estrada OU-101 (Ourense–Maceda), principal vía de comunicación do concello, mentres que o seu bordo sur fai límite coa estrada OU-103 (Santa Cruz de Rábeda–Paderne de Allariz). A liña de ferrocarril Zamora–Ourense discorre a uns 600 m ao sur do ámbito.

O ámbito está afectado polo Plan sectorial da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia⁶ (aprobado definitivamente o 10.10.2014). Este plan sectorial proxecta un anel viario exterior á cidade de Ourense que inclúe a execución da Rolda leste como eixo de comunicación entre a autovía A-52 e a futura A-76 (Ourense–Ponferrada); é esta Rolda leste a que atravesa o ámbito pola zona oeste.

Segundo o indicado no borrador, no ámbito de actuación non existe rede de distribución de auga potable, agás pequenos subministros aos núcleos de poboación existentes, nin tampouco rede nin infraestrutura de saneamento de augas residuais nin de pluviais.

En dirección NO-SE atravesa o ámbito unha liña eléctrica de media tensión.

3. Proposta formulada no borrador

Alternativas: o documento ambiental estratéxico considera dúas alternativas de ordenación, ademais da alternativa cero de non aprobar o plan. As alternativas 1 e 2 propoñen unha ordenación do ámbito que se diferencia na configuración interna e conexións exteriores da rede viaria, distribución das parcelas e previsión dos usos loxísticos.

O promotor xustifica a elección da alternativa 1 pola mellor estruturación do viario ao favorecer a conexión do parque a través da estrada OU-101, independentemente da execución das estradas previstas, a disposición de parcelas de gran superficie de ordenación diferida para atender a demanda de posibles actividades loxísticas (en lugar de prever unha área loxística intermodal como se propón na alternativa 2) e unha maior superficie destinada a zonas verdes.

Proposta:

A ordenación proposta no borrador contempla catro quinteiros de uso lucrativo (A, B, C e F, que suman 133.036 m²) e cinco ámbitos de ordenación diferida⁷, dous deles para usos industriais (ámbito 1 de 118.791 m²; ámbito 2 de 407.898 m²) e outros tres de menor

5 Delimitados no Plan básico autonómico (PBA).

6 Aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 10.10.2014.





superficie (ámbitos 3, 4 e 5) que se poderán destinar a aparcadoiro, equipamento ou uso lucrativo segundo as necesidades.

Proxéctase a circulación na área industrial entorno a un viario estruturante que une a estrada OU-101 (no norte) coa OU-0103 (no sur), a cal enlazará ao oeste coa futura Rolda leste prevista no Plan sectorial da rede viaria de Ourense.

Os espazos libre e zonas verdes abranguen boa parte do perímetro do ámbito, integran as nacentes situadas no norte e no oeste do ámbito, e configuran un corredor na zona central do ámbito. Prevese integrar itinerarios de uso peonil e ciclista nos espazos libres e nos viarios estruturantes (que serán concretados nunha fase posterior) para artellar a conectividade entre os núcleos rurais da contorna (residencia), a área industrial (traballo) e as áreas naturais (lecer).

En contacto co núcleo de Solbeira sitúase unha área dotacional e resérvase unha segunda parcela para equipamento que se situará nun dos ámbitos de ordenación diferida (3, 4 ou 5).

Ademais das prazas de aparcamento previstas na parcelas privadas e no viario público, delimitáanse catro zonas de aparcamento, que se completarán coas que resulten da ordenación diferida.

O abastecemento de auga ao parque resolverase mediante conexión á rede municipal de Paderne de Allariz nun depósito situado no polígono industrial de San Cibrao (punto 1.9.1 do borrador). Prevese a ampliación do actual bombeo e a execución dunha nova conducción (duns 5 km ao longo da estrada OU-0103) para subministrar auga aos dous novos depósitos que se situarán na parcela de "servizos técnicos" reservada no SE do ámbito. No borrador do plan indícase que no ano 2021 obtívose resposta favorable por parte da empresa Viaqua acerca da suficiencia da rede existente no punto de subministro previsto atendendo á demanda estimada no seu momento⁸.


En canto ao saneamento, indícase na documentación achegada (apartado 1.9.2 do borrador) que *se está estudando unha solución conxunta para o parque empresarial de Pereiro de Aguiar e a área industrial de Paderne de Allariz*, sendo a opción preferente a construción dunha EDAR de alto rendemento cun punto de vertido no regato de Pazos, na cunca hidrográfica do río Barbaña. As augas pluviais serán recollidas nunha rede independente e tratadas mediante sistema de drenaxe sustentable previo ao vertido ao río Gaiola ou á canle estacional da zona norte do ámbito. Contéplase tamén a posible reutilización das augas pluviais para o seu emprego na rega e/ou limpeza da área industrial. A ordenación proposta reserva no extremo norte do ámbito unha parcela (15.000 m²) de "servizos técnicos" *en previsión de que resulte necesaria a execución da citada EDAR* e para a implantación do sistema de pretratamento das augas pluviais.

Propónse conectar a nova área empresarial coa subestación do polígono industrial de San Cibrao. A liña eléctrica aérea que atravesa o ámbito será retranqueada e soterrada. Tamén se prevé conectar coa rede de gas natural existente no parque de San Cibrao.

7 Para o seu desenvolvemento posterior polos instrumentos de desenvolvemento e execución regulados na Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia. O PEOSE establecerá as condicións básicas e mais os límites e a marxe de variación das determinacións diferidas (artigo 34 da Lei 3/2022).

8 No ano 2021 as necesidades de auga estimadas para o parque eran de 5.000 m³/día, superior á cifra calculada no borrador do PEOSE (1.857 m³/día) en base aos criterios do plan hidrolóxico vixente.





Determinacións estruturantes (extracto do plano PORD.01, folia 1)

4. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental:

Administracións públicas afectadas	Resposta	Sen resposta
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil	x	
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal		x
Dirección Xeral de Defensa do Monte	x	
Axencia Galega de Infraestruturas	x	
Concello de Paderne de Allariz		x

Asemade, o borrador do PEOSE mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá ter en consideración na elaboración e tramitación do PEOSE as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. No que





atinxe ao proceso de avaliación ambiental estratéxica, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas con incidencia ambiental:

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Segundo a cartografía oficial do IGN e o visor SIAMS, no ámbito de actuación non existen cursos de auga, porén, na cartografía achegada indícase a existencia de canles, que coinciden coa cartografía do visor da Xunta de Galicia.

Lembra que se deberá reflectir no plan a previsión de consumo para os distintos usos conforme ao disposto no Apéndice 7 (*Dotacións obxectivo para os distintos usos de auga*) do Real Decreto 35/2023 polo que se aproba o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Miño-Sil. Todos os novos desenvolvementos industriais deberán dispor dun sistema de abastecemento que conte coa correspondente autorización de aproveitamento de augas do organismo de bacía para obter a licenza de obra. Se a conexión fose a redes de abastecemento preexistentes xa autorizadas e con capacidade suficiente de recurso, será o órgano titular do dito abastecemento o encargado de outorgar a autorización.

Os plans que comporten a xeración de augas residuais contemplarán e xustificarán solucións axeitadas para a xestión das mesmas, ben a través de sistemas de saneamento existentes con capacidade suficiente ou ben a través de novas instalacións que garantan, en todo momento, o cumprimento das normas de calidade establecidas para o medio receptor.

Dadas as diferencias entre a cartografía da Xunta de Galicia reflectida no proxecto e a cartografía oficial do IGN e da Confederación hidrográfica do Miño-Sil, deberá presentarse unha proposta cartográfica cos elementos do dominio público hidráulico (canles e lagoas), que deberá ser aprobada polo organismo de cunca.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

O PEOSE deberá conter a xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e outros instrumentos de ordenación vixentes no seu ámbito, que son o PSAEG e o Plan sectorial da rede viaria de Ourense.

Xustificarase especificamente a integración coas determinacións relativas ao desenvolvemento de áreas empresariais (apartado 3.2 das DOT) así como outras relacionadas con aspectos de mobilidade, paisaxe, recursos, etc. Non resulta precisa unha análise de compatibilidade estratéxica (ACE) por tratarse dunha área prevista no PSAEG. En relación ao Plan Sectorial da Rede Viaria de Ourense, entende compatible a ordenación proposta que define os espazos de reserva necesarios para a conexión exterior viaria coa futura Ronda Leste e coa futura conexión co polígono industrial de San Cibrao previstas.

As características da rede viaria estruturante proposta responden ao disposto no artigo 74 do RLSG.

Deberase recabar informe favorable dos servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras respecto da suficiencia da infraestruturas e dos servizos existentes e previstos.





Instituto de Estudos do Territorio:

A implantación do parque empresarial nun entorno de carácter completamente rústico comporta unha transformación completa da paisaxe da zona, que pasará a ter un carácter urbano. A actuación terá unha incidencia significativa sobre a paisaxe, pois a urbanización dunha grande superficie de terreo implicará alteracións na cobertura do solo e na topografía, a perda de arboredo autóctono e a aparición de novos elementos alleos á paisaxe de acollida. Este impacto pode quedar parcialmente amortecido pola previsión perimetral dunha zona verde, se ben, para mitigar o impacto do conxunto resulta preciso adoptar certas medidas de integración paisaxística acordadas coas *Directrices de paisaxe de Galicia* e co resultado das análises de visibilidade que resulten dos estudos da paisaxe.

Conclúe que o plan pode provocar un impacto paisaxístico significativo, polo que deberá incorporar os estudos de paisaxe esixidos polo Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e concretar medidas para asegurar unha adecuada integración paisaxística da ordenación, de acordo coas determinacións das *Directrices de paisaxe de Galicia*, e, en particular, coa directriz DX.10.

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC):

O ámbito do PEOSE sitúase no límite co concello de San Cibrao das Viñas, no que se localiza o Xacemento de Campo Alegre (GA32075001), catalogado no PXOM (ficha YC411). Segundo os traballos de xeolocalización realizados pola DXPC no ano 2019, o seu contorno de protección incide no termo municipal de Paderne de Allariz e, parcialmente, no ámbito do PEOSE. Asemade, consta no Inventario de xacementos arqueolóxicos da DXPC o topónimo Plana da Medorra (TO32055002) pero a prospección realizada non obtivo resultados positivos, contemplando a posibilidade de que o topónimo se refira ao concello limdeiro ao oeste de San Cibrao da Viñas. No visor de Aproveitamentos forestais da Xunta de Galicia⁹ a delimitación da Plana da Medorra (xacemento censado) é xeometricamente idéntica á do Xacemento de Campo Alegre (xacemento catalogado), polo que semella un erro de grafismo. Os planos do PEOSE deberán identificar e representar o contorno de protección do Xacemento de Campo Alegre da maneira máis fiel á realidade posible, tendo en consideración e analizando toda a información dispoñible. Ao respecto presenta no informe unha imaxe aproximada da delimitación do Xacemento de Campo Alegre e do seu contorno de protección.

Deberanse proxectar os espazos libres e zonas verdes nas proximidades do xacemento. En calquera caso, evitarase a construción de novos volumes cerca do xacemento e se aplicarán os criterios específicos de intervención no contorno de protección recollidos no artigo 46 da LPCG.

En aplicación do establecido no Capítulo IV do Título VII da LPCG que regula o patrimonio arqueolóxico, deberá realizarse un control arqueolóxico durante a execución das obras, especialmente na fase de movementos de terras.

Advirte dalgúns erros na nomenclatura do patrimonio cultural ou que na memoria xustificativa do borrador afirmase a non existencia de afeccións derivadas da protección cultural, cuestións deberán corrixirse no documento de acordo co exposto no informe.

⁹ <https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/>





Dirección Xeral de Defensa do Monte:

Sinala que parte do ámbito viuse afectada por un incendio¹⁰ no ano 2012 (código 2012321171). Informa favorable ao plan condicionado ao cumprimento da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e ao establecido anualmente no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA), debendo utilizar información actualizada.

Axencia Galega de Infraestruturas:

O novo acceso proxectado á estrada OU-101 non cumpre á normativa vixente en materia de accesos, xa que se sitúa a unha distancia, do acceso existente no PQ 10+060 ME da OU-101, inferior ás distancias de seguridade establecidas no artigo 18 da Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo. Por outro lado, dada a existencia de acceso alternativo ao ámbito polo sur a través da estrada provincial OU-0103, debe xustificarse a necesidade de crear este acceso novo á estrada OU-101.

O PEOSE deberá respectar a reserva viaria prevista no Plan sectorial da rede viaria de Ourense e da súa área de influencia e adaptarse ás determinacións contidas na súa normativa. A ordenación proposta establece unha reserva viaria para a conexión do ámbito co viario C2 do Plan sectorial (Ronda Leste (A-52-A-76)), nun punto coincidente co enlace previsto entre o viario C2 e o viario C7. En todo caso, o acceso planificado á estrada OU-101 debe ter un carácter provisional, en tanto non se execute o viario C2 previsto no citado Plan sectorial e a conexión prevista no PEOSE con este viario C2.

Informa dos criterios de ordenación que, con carácter xeral, considera precisos para o mantemento da seguridade viaria e axeitada protección do dominio público viario.

A estrada OU-101, dada a súa IMD, non foi incluída na elaboración dos mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios en aplicación da Directiva 2002/49/CEE. Na parte normativa do plan deberán incluírse limitacións de uso derivadas do ruído na contorna das estradas autonómicas.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

O PEOSE non establece un marco para a futura autorización de proxectos máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco é un plan pertinente ou necesario para a implantación da lexislación comunitaria ou nacional en materia de medio ambiente.

A actuación empresarial que se planifica e proxecta está xa prevista nun instrumento de ordenación territorial de rango superior, como é o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOATEG). O parque empresarial de Paderne de Allariz que se pretende desenvolver virá a reforzar o carácter estratéxico do foco empresarial da área funcional de Ourense que conforman na actualidade o polígono industrial de San Cibrao (que será reforzado coa futura ampliación do Centro Intermodal de Transportes e Mercaderías) e o Parque Tecnolóxico de Galicia.

10 Na cartografía do Plan básico autonómico (<http://mapas.xunta.gal/visores/pba/>) a superficie incendiada é de aproximadamente 1.400 m².





A ordenación proposta no borrador resulta compatible co Plan sectorial de ordenación da rede viaria de Ourense e da súa área de influencia, xa que define os espazos de reserva necesarios para a conexión exterior viaria coa futura Ronda Leste e coa futura conexión do Polígono Industrial de San Cibrao. En todo caso, a documentación do PEOSE deberá incluír xustificación da súa coherencia con este Plan sectorial e con outros instrumentos e ordenación do territorio como son as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e o PSAEG.

A creación da nova área empresarial suporá a urbanización dunha gran extensión de solo en estado natural (113 ha) nunha zona de marcado carácter rural, o que inevitablemente implicará un importante impacto na paisaxe actual. Este impacto pode quedar parcialmente amortecido pola previsión perimetral dunha zona verde, se ben, para mitigar o impacto do conxunto resulta preciso adoptar certas medidas de integración paisaxística acordes coas *Directrices de paisaxe de Galicia* e co resultado das análises de visibilidade a incluír nos preceptivos estudos da paisaxe.

O ámbito do PEOSE non forma parte de ningún espazo natural protexido. A ordenación proposta integra nos espazos libres e zonas verdes as nacentes dos dous regatos identificados na cartografía, ao tempo que prevé conservar na medida do posible o arborado autóctono e favorecer a continuidade dos espazos forestais da contorna, todo o cal se valora positivamente.

O borrador indica que non existen afeccións ao patrimonio cultural, porén, segundo informou a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o contorno de protección do xacemento de Campo Alegre (GA32075001) podería incidir no ámbito do PEOSE. Sendo así, para garantir a protección dos bens do patrimonio cultural cómpre atender ás medidas protectoras e correctoras sinaladas pola dita dirección xeral.

No borrador propóñense solucións para abastecer de auga á nova área empresarial e para resolver o saneamento e depuración ou tratamento das augas residuais e pluviais que se xeren. Ao respecto deberá pronunciarse o organismo de bacía no informe sectorial preceptivo. Por outra parte, a proposta prevé implantar medidas para reducir o consumo de auga, como a reutilización das augas pluviais tratadas para o uso no sistema de rega e limpeza do parque, que se consideran positivas.

Malia que o funcionamento da nova zona industrial levará consigo un incremento importante de tráfico na zona, no futuro disporá de boa comunicación coa rede de estradas de altas prestacións a través da Rolda Leste proxectada no Plan sectorial da rede viaria de Ourense. En todo caso, deberá xustificarse a necesidade da execución dun novo enlace á estrada AC-552, de acordo co informado pola Axencia Galega de Infraestruturas. A proposta prevé tamén favorecer a mobilidade con modos de transporte alternativo, mediante a creación de itinerarios non motorizados.

En conclusión, o plan non terá efectos ambientais adversos significativos se se atenden as determinacións ou condicións que se concretan de seguido.





PROPOSTA

Considerando o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan estruturante de ordenación do solo empresarial da área industrial de Paderne de Allariz” (PEOSE). Non obstante, considérase preciso establecer as seguintes **determinacións**:

- O plan deberá conter a xustificación da coherencia entre as actuacións proxectadas e as Directrices de ordenación do territorio (DOT) e outros instrumentos de ordenación vixentes no seu ámbito (artigo 33.1.d da Lei 3/2022 do 18 de outubro). Xustificárase especificamente a integración coas determinacións das DOT relativas ao desenvolvemento de áreas empresariais (apartado 3.2) así como outras relacionadas con aspectos de mobilidade, paisaxe, recursos, etc., tamén relacionadas co desenvolvemento da actuación empresarial.
- Conforme ao indicado polo Instituto de Estudos do Territorio:
 - O plan deberá incorporar un estudo da paisaxe (artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; RLPPG), que será proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03). Por tratarse dun plan que establece a ordenación detallada do solo, deberá conter tamén un estudo da paisaxe urbana (artigo 35 do RLPPG), incluíndo a avaliación das conexións e continuidades visuais entre as futuras edificacións e a contorna rústica, os espazos de maior valor ambiental e os núcleos adxacentes, co obxecto de deseñar a faixa verde perimetral necesaria en cada tramo.
 - Sobre a base dos estudos da paisaxe, concretaranse no plan as medidas para asegurar unha adecuada integración paisaxística da actuación e o cumprimento das *Directrices de paisaxe de Galicia*, en particular o disposto na directriz DX.10:
 - Segundo o disposto na directriz DX.10.b epígrafes 2, 3 e 4, nas faixas perimetrais do parque, os espazos vexetados, as sebes e as escavas (alcorques) empregaranse especies autóctonas arbóreas/arbustivas de diverso porte, distribuídas de xeito acorde ao resultado do estudo de visibilidade que se realice. Na ordenación do ámbito teranse en conta o resto de epígrafes da directriz DX.10.b.
 - Para o acondicionamento dos espazos verdes libres, urbanización de rúas, iluminación, pavimentos e mobiliario, cartelaría, etc., aconséllase seguir os criterios da *Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos* e a *Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios*, que conteñen indicacións específicas para espazos industriais.
- Teranse en conta no plan as observacións da Axencia Galega de Infraestruturas, entre outras:





- Proxéctase dar acceso á area empresarial a través da estrada provincial OU-0103 (no sur), polo que se debe xustificar a necesidade de crear outro novo acceso á estrada autonómica OU-101 (no norte). Os accesos ás estradas de titularidade autonómica deberán cumprir a normativa vixente en materia de accesos (artigos 127 a 132 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. e Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e nas súas vías de servizo). En todo caso, o acceso planificado á estrada OU-101 debe ter un carácter provisional, en tanto non se execute o viario C2 previsto no Plan sectorial da rede viaria de Ourense e da súa área de influencia, e a conexión prevista no PEOSE con este viario C2.
- Deberase incluír na parte normativa do plan limitacións de uso derivadas do ruído, co seguinte texto: "Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ó outorgamento da licenza municipal, a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispor dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os umbrais recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento".
- Atenderanse as medidas protectoras e correctoras expostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, entre outras:
 - Darase cumprimento á determinación excluínte 9.3 das Directrices de ordenación do territorio co obxecto de identificar os bens do patrimonio cultural existentes no ámbito.
 - Os planos de información e de ordenación do documento recollerán os bens culturais existentes no ámbito ou que o afecten, con especial atención á delimitación do contorno de protección do Xacemento de Campo Alegre (GA32075001), de xeito que se aprecie si incide no ámbito do PEOSE. De constatar que o contorno de protección do Xacemento de Campo Alegre incide no ámbito do PEOSE ou que existen outros bens culturais afectados, a Normativa do documento incluírá un apartado de protección do patrimonio cultural.
 - Nas proximidades do dito xacemento a ordenación proxectará espazos libres e zonas verdes e evitará a construción de novos volumes. En calquera caso, respectaranse os criterios específicos de intervención no contorno de protección recollidos no artigo 46 da LPCG.
- Darase cumprimento no plan á Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e ao establecido anualmente no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA).
- O plan deberá conter as análises e a planificación precisa para que os organismos competentes poidan avaliar a garantía da existencia de reservas de auga





suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, da recollida da auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sustentable, de maneira que non se permita o novo desenvolvemento urbanístico sen garantía de servizo a modo de planeamento (determinacións 3.1.5.g e 4.8.9 das DOT; artigo 31 da normativa do PSOAEG; artigo 25.4 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas); neste sentido:

- Reflectirase no plan de maneira precisa (memoria e cartografía) a orixe da auga para abastecemento da área empresarial, indicando a/s concesión/s administrativa de aproveitamento de augas na que se encadraría a novo consumo, e xustificarase a suficiencia do caudal outorgado para satisfacer a demanda estimada. No caso de que as captacións actuais non teñan capacidade suficiente, poderán propoñerse modificacións das existentes ou novas captacións.
- Farase unha estimación dos caudais de augas residuais que se xerarán e tipificaranse as cargas e concentracións previstas. Xustificarase a suficiencia do sistema de saneamento e das instalacións de depuración proxectados para admitir con garantías os caudais de augas residuais calculados e cumprir en todo momento as normas de calidade establecidas para o medio receptor.
- Na tramitación do plan deberase recabar informe favorable dos servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras respecto da suficiencia da infraestruturas e dos servizos existentes e previstos (artigo 38.7 da Lei 3/2022).

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas
(*asinado electronicamente*)





Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o “Plan estruturante de ordenación do solo empresarial da área industrial de Paderne de Allariz”. Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do plan deberase atender ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao promotor xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o plan no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación do plan (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

(asinado electronicamente na marxe)

